

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 2 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se procede ao nomeamento como persoal estatutario fixo e á adxudicación de destino definitivo aos/ás aspirantes seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de admisión e documentación clínica, convocado pola Resolución do 22 de decembro de 2016.

A base décima da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 22 de decembro de 2016 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 7, do 11 de xaneiro de 2017) pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de admisión e documentación clínica do Servizo Galego de Saúde, establece que, unha vez adxudicados os destinos, se publicará no *Diario Oficial de Galicia* a resolución pola que se declare finalizado o proceso selectivo, co nomeamento como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde e asignación de destino a aqueles/as aspirantes seleccionados/as que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos.

De conformidade coa antedita base e co artigo 4 da Orde do 5 de xullo de 2012, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde (*Diario Oficial de Galicia* núm. 139, do 20 de xullo), esta dirección xeral, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. Declarar finalizado o concurso-oposición para o ingreso na categoría de médico/a de admisión e documentación clínica, convocado pola Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 22 de decembro de 2016 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 7, do 11 de xaneiro de 2017).

Segundo. Nomear como persoal estatutario fixo do Servizo Galego de Saúde, na categoría de médico/a de admisión e documentación clínica, os/as aspirantes seleccionados/as que se inclúen no anexo desta resolución.

Terceiro. Adxudicarlles aos/ás ditos/as aspirantes, con carácter de destino definitivo, a praza correspondente que figura no indicado anexo.



Cuarto. Os/as aspirantes nomeados/as disporán do prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para incorporarse á praza adxudicada.

De conformidade coa base décima da resolución de convocatoria do proceso, a toma de posesión da praza efectuarase no centro de xestión a que pertenza esta. A falta de incorporación no prazo referido, cando sexa imputable ao/á interesado/a e non responda a causas xustificadas, producirá o decaemento do seu dereito a obter a condición de persoal estatutario fixo como consecuencia do concreto proceso selectivo. No entanto, en casos de forza maior e por instancia do/da interesado/a, a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde poderá prorrogar o prazo de toma de posesión.

Quinto. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición ante esta dirección, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou poderase impugnar directamente na xurisdición contencioso-administrativa nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2019

Margarita Prado Vaamonde
Directora xeral de Recursos Humanos





ANEXO

Relación definitiva de adxudicatarios/as e destinos

DNI	Apelidos e nome	Destino adxudicado			Localidade
Médico/a de admisión e documentación clínica					
*349E	Bravo Ricoy, José Antonio	320413140	EOXI de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	Hospital de Valdeorras	Barco de Valdeorras, O
*086L	Rodríguez Fouz, Coral	271113140	EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos	Complexo Hospitalario de Lugo	Lugo
*014V	Rodríguez Vázquez, María Holanda	271713140	EOXI de Lugo, Cervo e Monforte de Lemos	Hospital de Monforte	Monforte de Lemos

* O número do DNI dos/das profesionais relacionados/as amósase cifrado en protección dos datos de carácter persoal.

